# SIMULTÁNEA

7 EXPOSICIONES 7 CIUDADES | Colección de Arte Afundación
7 EXPOSICIÓNS 7 CIDADES | Colección de Arte Afundación

Extracto del catálogo | Extracto do catálogo

X Aniversario
//Afundación
Obra Social ABANCA

# SIMULTÁNEA

7 EXPOSICIONES 7 CIUDADES | Colección de Arte Afundación
7 EXPOSICIÓNS 7 CIDADES | Colección de Arte Afundación

## Extracto del catálogo | Extracto do catálogo

Este es un extracto del catálogo original, que consta de 584 páginas y en el que encontramos las imágenes de 359 obras distribuidas en 7 exposiciones que tienen lugar simultáneamente en las 7 sedes de Afundación.

El catálogo completo en soporte papel se puede adquirir a través de la web de **Afundación** y en las librerías de nuestras sedes.

Este é un extracto do catálogo orixinal, que consta de 584 páxinas e no que atopamos as imaxes de 359 obras distribuídas en 7 exposicións que teñen lugar simultaneamente nas 7 sedes de Afundación.

O catálogo completo en soporte papel pódese adquirir a través da web de **Afundación** e nas librerías das nosas sedes.

**X** Aniversario
//Afundación
Obra Social ABANCA

PATRONATO DE AFUNDACIÓN,
OBRA SOCIAL ABANCA |
PADROADO DE AFUNDACIÓN,
OBRA SOCIAL ABANCA

**Presidente**
Miguel Ángel Escotet Álvarez

**Vicepresidente**
Xosé Carlos Caneiro Pérez

**Vocales | Vogais**
José Eduardo Álvarez-Naveiro Sánchez
María Ángeles Antón Vilasánchez
María Lourdes Batán Aira
Daniel Benavides Alonso
Francisco Botas Ratera
María Cadaval Sampedro
J. Santiago Camba Bouzas
Marina Cid Dopazo
José Ramón Conde Corbal Tejada
Olga Cuña Blanco
Juan Carlos Escotet Rodríguez
Javier Etcheverría De La Muela
Paulo Fontán Torreiro
Antonio Fuentetaja Cervelo
José Luis Lolo Celeiro
Pedro Rául López Jácome
Ramón Sestayo Lestón
Jacinto Torres Fraga
Berta Veira Fernández
Óscar Villar Díaz

**Secretario (no patrono) |**
**Secretario (non patrón)**
Jesús Navazo Ruiz

**Director gerente (no patrono) |**
**Director xerente (non patrón)**
Pedro Otero Espinar

EXPOSICIONES |
EXPOSICIÓNS

**Coordinadora Área de Cultura**
María Teresa Cores Fernández

**Producción | Produción**
Afundación. Obra Social ABANCA

**Comisariado y coordinación | Comisariado e coordinación**
Paloma Vela Garicano. Área de Cultura Afundación

**Gestión de la Colección de Arte Afundación |**
**Xestión da Colección de Arte Afundación**
Alba Marinha Souto Carrillo. Área de Cultura Afundación
Carlos Alfaya Vidal. Área de Cultura Afundación

**Asesoramiento técnico | Asesoramento técnico**
Moret Art

**Diseño museográfico | Deseño museográfico**
José Luis Rey

**Revisión lingüística y traducción al gallego |**
**Revisión lingüística e tradución ao galego**
Alba Rodríguez Saavedra. Área de Comunicación Afundación

**Traducción al inglés | Tradución ao inglés**
Boquela tradutores

**Diseño gráfico | Deseño gráfico**
Chachachá Studio

**Producción gráfica | Produción gráfica**
JEGA Gráfica S. L.

**Transporte y montaje | Transporte e montaxe**
JEGA Gráfica S. L
DAEXGA

**Seguros**
ABANCA Seguros

CATÁLOGO

**Edición técnica y corrección de textos en castellano |**
**Edición técnica e corrección de textos en castelán**
Laura Gómez Lorenzo. Depto. Publicaciones Afundación

**Traducciones al gallego e inglés |**
**Traducións ao galego e ao inglés**
Boquela tradutores
Alba Rodríguez Saavedra. Área de Comunicación Afundación

**Diseño gráfico y maquetación |**
**Deseño gráfico e maquetación**
Daniel de Castro
Jacobo Pérez-Bouzada Vázquez. Área de Marketing Afundación

**Impresión**
Agencia Gráfica, S. L.

ISBN: 978-84-96982-87-1
Depósito legal: C 1485-2024
© VEGAP
© textos, las personas autoras
© Afundación, 2024
www.afundacion.org

## ÍNDICE DEL EXTRACTO | ÍNDICE DO EXTRACTO


6 | **PRESENTACIÓN**
Un haz de luz sobre los corazones | Unha raiola de luz sobre os corazóns
Miguel Ángel Escotet
Presidente de Afundación

9 | **INTRODUCCIÓN | INTRODUCIÓN**
Paloma Vela Garicano
Comisaria y responsable de la Colección de Arte Afundación | Comisaria e responsable da Colección de Arte Afundación

14 | **MODO RETRATO**
(SEDE AFUNDACIÓN A CORUÑA)

19 | **EL OBJETO CONTEMPORÁNEO Y DOMÉSTICO | O OBXECTO CONTEMPORÁNEO E DOMÉSTICO**
(SEDE AFUNDACIÓN FERROL)

24 | **ESCENAS DE COSTA Y MAR ADENTRO | ESCENAS DE COSTA E MAR ABERTO**
(SEDE AFUNDACIÓN LUGO)

29 | **ESPACIO ABIERTO Y NATURALEZA | ESPAZO ABERTO E NATUREZA**
(SEDE AFUNDACIÓN OURENSE)

34 | **ABSTRACCIONES Y MENSAJES CIFRADOS | ABSTRACCIÓNS E MENSAXES CIFRADAS**
(SEDE AFUNDACIÓN PONTEVEDRA)

39 | **ARQUITECTURAS NARRADAS**
(SEDE AFUNDACIÓN SANTIAGO)

44 | **VOLAR CON LA IMAGINACIÓN | VOAR COA IMAXINACIÓN**
(SEDE AFUNDACIÓN VIGO)

PRESENTACIÓN E INTRODUCIÓN

SIMULTÁNEA

# UN HAZ DE LUZ SOBRE LOS CORAZONES

Miguel Ángel Escotet

Presidente de Afundación

El arte como manifestación cultural es, sin vacilación, una de las funciones y puntos de arranque de la inteligencia humana, entendida esta en sus ámbitos cognitivo, afectivo y sensorial. Las emociones individuales y colectivas encuentran en el propio desarrollo del talento estético una vía adecuada para su comunicación. Esta característica sitúa a la obra de arte en el espacio apropiado para la proyección de sugerencias y propuestas socioculturales. El arte, como motor estético y creador de belleza, es una gran herramienta de convivencia y cohesión social capaz de ayudarnos a superar el aislamiento, la fragmentación, la fugacidad o la incertidumbre de una turbada actualidad. Para Jorge Santayana, el componente estético es inseparable de las ideas, sentimientos y actos del ser humano. La creación artística potencia el pensamiento utópico, la reflexión crítica, la solidaridad, propone territorios de diálogo y genera espacios comunes para reconocer y respetar la diferencia y la diversidad. El arte, psicológica y metafóricamente descrito, es la apertura del espíritu como ventana universal a la razón, al mundo de las emociones y al pensamiento antidogmático.

El proyecto «Simultánea», que se planifica y se construye a partir de la Colección de Arte Afundación, se alinea con este valor de cohesión social que poseen las obras de arte, porque abarca siete grandes áreas museísticas de nuestro patrimonio distribuidas por la geografía gallega y una narrativa que ofrece diferentes reflexiones sobre la identidad y la cultura a través de la experiencia estética. Asimismo, este proyecto expositivo y editorial se concibe para celebrar el décimo aniversario de Afundación, la Obra Social de ABANCA. «Simultánea» consta de este catálogo y una gran muestra articulada en siete capítulos que se exhiben simultáneamente en las siete principales ciudades gallegas.

**La exposición** propone siete lecturas diferentes de la colección: el retrato, el objeto, el mar, la naturaleza, la abstracción, la arquitectura y la fantasía. Siete temas presentados

# UNHA RAIOLA DE LUZ SOBRE OS CORAZÓNS

A arte como manifestación cultural é, sen vacilación, unha das funcións e puntos de arranque da intelixencia humana, entendida esta nos seus ámbitos cognitivo, afectivo e sensorial. As emocións individuais e colectivas atopan no propio desenvolvemento do talento estético unha vía axeitada para a súa comunicación. Esta característica sitúa a obra de arte no espazo apropiado para a proxección de suxestións e propostas socioculturais. A arte, como motor estético e creador de beleza, é unha gran ferramenta de convivencias e cohesión social capaz de nos axudar a superar o illamento, a fragmentación, a fugacidade ou a incerteza dunha turbada actualidade. Para Jorge Santayana, o compoñente estético é inseparable das ideas, sentimentos e actos do ser humano. A creación artística potencia o pensamento utópico, a reflexión crítica, a solidariedade, propón territorios de diálogo e xera espazos comúns para recoñecer e respectar a diferenza e a diversidade. A arte, psicolóxica e metaforicamente descrita, é a apertura do espírito como fiestra universal á razón, ao mundo das emocións e ao pensamento antidogmático.

O proxecto «Simultánea», que se planifica e se constrúe a partir da Colección de Arte Afundación, alíñase con este valor de cohesión social que posúen as obras de arte, porque abrangue sete grandes áreas museísticas do noso patrimonio distribuídas pola xeografía galega e unha narrativa que ofrece diferentes reflexións sobre a identidade e a cultura a través da experiencia estética. Así mesmo, este proxecto expositivo e editorial concíbese para celebrar o décimo aniversario de Afundación, a Obra Social de ABANCA. «Simultánea» consta deste catálogo e unha gran mostra articulada en sete capítulos que se exhiben simultaneamente nas sete principais cidades galegas.

**A exposición** propón sete lecturas diferentes da colección: o retrato, o obxecto, o mar, a natureza, a abstracción, a arquitectura e a fantasía. Sete temas presentados de xeito

de forma multidisciplinar a través de diferentes artes, pintura, escultura, fotografía, instalación y audiovisual. «Simultánea» suma más de 350 obras repartidas en nuestras salas de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela y Vigo; es una propuesta sin precedentes, tanto por el gran número de piezas expuestas al mismo tiempo en emplazamientos diferentes como por las diversas interpretaciones que el proyecto ofrece al espectador. A Coruña acoge el capítulo sobre el retrato, Ferrol propone una lectura sobre los objetos en el ámbito íntimo y familiar del ser humano, Lugo nos muestra la simbología del mar y los espacios costeros, Ourense alza una mirada reflexiva sobre la interpretación de los espacios naturales, Pontevedra presenta estados del alma a través del lenguaje abstracto, la ciudad compostelana invita a una reflexión sobre las relaciones entre el espacio construido y el arte, finalmente, Vigo ofrece la representación de utopías concebidas desde la plástica, nos alienta a valorar la importancia de soñar desde el pensamiento creativo, porque, recordando al sociólogo italiano Carlo Petrini, si sembramos utopías, recogeremos realidades.

**El catálogo** que tiene el lector en sus manos refuerza el valor de las exposiciones en su aspecto de motor estético y llave de cohesión cultural. Centra la mirada en las relaciones, diálogos y lenguajes comunes que enriquecen las diferentes perspectivas de nuestra colección, más allá de su interés cronológico. Siete especialistas de arte abordan cada uno de los respectivos capítulos con propuestas plurales profesionalizadas, aportando un amplio marco intelectual sobre la Colección de Arte Afundación. Son Carlos L. Bernárdez, Miguel Ángel Cajigal, Pilar Corredoira, José Manuel García Iglesias, Asunta Rodríguez, Mercedes Rozas y Federico L. Silvestre.

El hecho de que Afundación celebre sus diez años de recorrido con una propuesta de su colección de arte no es baladí. Corrobora la importancia de estos fondos para la identidad creativa gallega y comparte con la ciudadanía un patrimonio artístico declarado Bien de Interés Cultural (BIC) por la Xunta de Galicia en el año 2015. Más de cinco mil obras constituyen la Colección de Arte Afundación, una de las más completas de toda Galicia, y ofrece una visión amplia del arte gallego en el mundo, desde finales del siglo XIX hasta la actualidad. Posee, además, una relevante selección de creación española e internacional, entre la que destacan artistas portugueses.

multidisciplinar a través de diferentes artes, pintura, escultura, fotografía, instalación e audiovisual. «Simultánea» suma máis de 350 obras repartidas nas nosas salas da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo; é unha proposta sen precedentes, tanto polo gran número de pezas expostas asemade en emprazamentos diferentes como polas diversas interpretacións que o proxecto ofrece ao espectador. A Coruña acolle o capítulo sobre o retrato, Ferrol propón unha lectura sobre os obxectos no ámbito íntimo e familiar do ser humano, Lugo móstranos a simboloxía do mar e os espazos costeiros, Ourense alza unha mirada reflexiva sobre a interpretación dos espazos naturais, Pontevedra presenta estados da alma a través da linguaxe abstracta, a cidade compostelá invita a unha reflexión sobre as relacións entre o espazo construído e a arte, finalmente, Vigo ofrece a representación de utopías concibidas desde a plástica, aléntanos a valorar a importancia de soñar desde o pensamento creativo, porque, lembrando o sociólogo italiano Carlo Petrini, se sementamos utopías, recolleremos realidades.

**O catálogo** que ten o lector nas súas mans reforza o valor das exposicións no seu aspecto de motor estético e chave de cohesión cultural. Centra a mirada nas relacións, diálogos e linguaxes comúns que enriquecen as diferentes perspectivas da nosa colección, alén do seu interese cronolóxico. Sete especialistas de arte abordan cada un dos respectivos capítulos con propostas plurais profesionalizadas, achegando un amplo marco intelectual sobre a Colección de Arte Afundación. Son Carlos L. Bernárdez, Miguel Ángel Cajigal, Pilar Corredoira, José Manuel García Iglesias, Asunta Rodríguez, Mercedes Rozas e Federico L. Silvestre.

O feito de que Afundación celebre os seus dez anos de percorrido cunha proposta da súa colección de arte non é trivial. Corrobora a importancia destes fondos para a identidade creativa galega e comparte coa cidadanía un patrimonio artístico declarado Ben de Interese Cultural (BIC) pola Xunta de Galicia no ano 2015. Máis de cinco mil obras constitúen a Colección de Arte Afundación, unha das máis completas de toda Galicia, e ofrece unha visión ampla da arte galega no mundo, desde finais do século XIX ata a actualidade. Posúe, ademais, unha relevante escolma de creación española e internacional, entre a que destacan artistas portugueses.

«Simultánea» refuerza nuestro compromiso con Galicia y nuestra visión internacional del arte gallego, pues muchos de los autores representados en nuestra colección son artistas con una gran proyección fuera de nuestras fronteras, y afianza nuestra vocación de cuidar y exponer un patrimonio privado, pero de interés y servicio público.

La obra de arte, la creación artística, constituye, sin duda, un poderoso y universal medio de comunicación, profundo y transformador, un catalizador de emociones que a la vez es parte de la crónica de la historia de la humanidad. Del mismo modo, la **Colección de Arte Afundación,** a través de «Simultánea», narra la historia de Galicia, vista desde dentro y desde fuera de sus fronteras, invitándonos a compartir años de historia y de cultura desde la experiencia estética. El compositor alemán Robert Schumann pensaba que «el deber de un artista es enviar luz sobre el corazón del hombre». Aspiramos a que este proyecto llegue a ser un haz de luz que simultáneamente conecte a las personas, nuestros predios, nuestra diversidad cultural, nuestra historia, y a que finalmente alcance sus corazones.

«Simultánea» reforza o noso compromiso con Galicia e a nosa visión internacional da arte galega, pois moitos dos autores representados na nosa colección son artistas cunha gran proxección fóra das nosas fronteiras, e afianza a nosa vocación de coidar e expoñer un patrimonio privado, pero de interese e servizo públicos.

A obra de arte, a creación artística, constitúe, sen dúbida, un poderoso e universal medio de comunicación, profundo e transformador, un catalizador de emocións que á vez é parte da crónica da historia da humanidade. Do mesmo xeito, a **Colección de Arte Afundación,** a través de «Simultánea», narra a historia de Galicia, vista desde dentro e desde fóra das súas fronteiras, invitándonos a compartir anos de historia e de cultura desde a experiencia estética. O compositor alemán Robert Schumann pensaba que «o deber dun artista é enviar luz sobre o corazón do home». Aspiramos a que este proxecto chegue a ser unha raiola de luz que simultaneamente conecte as persoas, os nosos predios, a nosa diversidade cultural, a nosa historia, e a que finalmente acade os seus corazóns.

# INTRODUCCIÓN

# INTRODUCIÓN

Paloma Vela Garicano

Comisaria y responsable de la Colección de Arte Afundación

Con motivo del décimo aniversario del nacimiento de Afundación, la Obra Social de ABANCA, nos aventuramos por caminos hasta ahora inexplorados, asumiendo nuevos y ambiciosos retos. En este contexto surge «Simultánea», una mirada diferente a la Colección de Arte Afundación en las siete sedes de la entidad, un proyecto diseñado para celebrar con toda Galicia la riqueza de un patrimonio que le pertenece, y que la Obra Social de ABANCA tutela y divulga con orgullo.

La Colección de Arte Afundación, formada por más de cinco mil obras, está considerada como la más importante de arte gallego contemporáneo, cuyo fondo cubre todas sus etapas esenciales desde el siglo XIX hasta nuestros días e incluye, además, piezas significativas de las creaciones española y portuguesa. Su relevancia como testimonio del patrimonio artístico le valió la declaración de Bien de Interés Cultural (BIC) por la Xunta de Galicia en el año 2015, ratificando, así, la importancia de estos fondos para la identidad creativa gallega.

En los últimos años, la Colección de Arte Afundación ha sido mostrada en diferentes proyectos temporales que han ido viendo la luz de forma paulatina en nuestras salas de exposiciones, respondiendo, con ello, a la vocación de servicio a la sociedad y a la cultura gallegas que ha caracterizado a nuestra colección desde su nacimiento. Las exposiciones siguientes son un ejemplo de ello: «La frontera infinita», que visibiliza la vinculación de los artistas gallegos con la emigración; «Sonoro empeño», en torno a la presencia de la música, el baile y la fiesta en los fondos de la colección; «El bodegón oculto», concebida como una relectura de la naturaleza muerta con una mirada contemporánea; «Con D de arte», desarrollada desde una perspectiva lúdica en torno al arte contemporáneo y especialmente pensada para el público infantil; «Fuera de foco», sobre las importantes obras de artistas no gallegos presentes

Co gallo do décimo aniversario do nacemento de Afundación, a Obra Social de ABANCA, aventurámonos por camiños ata agora inexplorados, asumindo novos e ambiciosos retos. Neste contexto xorde «Simultánea», unha mirada diferente á Colección de Arte Afundación nas sete sedes da entidade, un proxecto deseñado para celebrar con toda Galicia a riqueza dun patrimonio que lle pertence, e que a Obra Social de ABANCA tutela e divulga con orgullo.

A Colección de Arte Afundación, formada por máis de cinco mil obras, está considerada como a máis importante de arte galega contemporánea, cuxo fondo cobre todas as súas etapas esenciais desde o século XIX ata os nosos días e inclúe, ademais, pezas significativas das creacións española e portuguesa. A súa relevancia como testemuño do patrimonio artístico valeulle a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) pola Xunta de Galicia no ano 2015, ratificando, así, a importancia destes fondos para a identidade creativa galega.

Nos últimos anos, a Colección de Arte Afundación foi amosada en diferentes proxecto temporais que foron vendo a luz de xeito paulatino nas nosas salas de exposicións, respondendo, con iso, á vocación de servizo á sociedade e á cultura galegas que caracterizou a nosa colección desde o seu nacemento. As exposicións seguintes son un exemplo diso: «A fronteira infinda», que visibiliza a vinculación dos artistas galegos coa emigración; «Sonoro empeño», arredor da presenza da música, o baile e a festa nos fondos da colección; «O bodegón oculto», concibida como unha relectura da natureza morta cunha mirada contemporánea; «Con D de arte», desenvolvida desde unha perspectiva lúdica arredor da arte contemporánea e especialmente pensada para o público infantil; «Fóra de foco», sobre as importantes obras de artistas non galegos presentes na

en la colección; o «Veo, veo, ¿qué ves?», centrada en el sentido del humor, la ironía y el juego en los fondos de la Colección de Arte Afundación.

Con el proyecto «Simultánea» recogemos el testigo de estas exposiciones y redoblamos esfuerzos para ofrecer un recorrido que nos permite poner el foco al mismo tiempo en las siete sedes culturales de Afundación: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago y Vigo. Así, mostraremos de forma coincidente más de 350 obras de la Colección de Arte Afundación y, con ellas, siete lecturas diferentes de este apasionante patrimonio: el retrato, el objeto, el mar, la naturaleza, la abstracción, la arquitectura y la fantasía. Siete temas abordados desde un recorrido multidisciplinar apoyado en diferentes soportes: pintura, escultura, fotografía, instalación y audiovisual.

Cuando nuestra materia prima es un fondo tan extenso y rico, es obligado renunciar a algunos nombres y a algunas obras, porque, como sucede con cualquier selección, no es posible mostrar en las diferentes exposiciones, ni en esta publicación, todas las piezas de indudable interés que podrían tener cabida en estas lecturas.

Para sacar adelante este proyecto, de una envergadura inédita, ha sido necesaria la implicación de un equipo multidisciplinar que, con una importante presencia de profesionales de Afundación, se ha encargado de labores de coordinación, comisariado, conservación, gestión, documentación, edición o diseño, entre otras muchas tareas realizadas a lo largo de estos años de exigente trabajo. Del resultado de esta colaboración, de tanta ilusión y de tan diversos talentos nace «Simultánea».

El capítulo «Modo retrato», ubicado en la Sede Afundación de A Coruña, nos permite acercarnos a la utilización del trascendental género del retrato como vehículo para profundizar en el análisis de identidades, vulnerabilidades o complejidades del alma humana, además de ser un fantástico campo de experimentación para los diferentes lenguajes que caracterizan el arte contemporáneo. Una exposición que nos anima a participar de las preocupaciones, temas y características sociales desde el siglo XIX, a adentrarnos en territorios privados y a profundizar en la dimensión psicológica, simbólica y emocional del retrato. Esta riqueza de enfoques cuenta también con su paralelismo desde el punto de vista formal, con obras que van desde el clasicismo romántico o el realismo, hasta el

colección; ou «Vexo, vexo, que ves?», centrada no sentido do humor, a ironía e o xogo nos fondos da Colección de Arte Afundación.

Co proxecto «Simultánea» recollemos o relevo destas exposicións e redobramos esforzos para ofrecer un percorrido que nos permite poñer o foco ao mesmo tempo nas sete sedes culturais de Afundación: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. Así, amosaremos de forma coincidente máis de 350 obras da Colección de Arte Afundación e, con elas, sete lecturas diferentes deste apaixonante patrimonio: o retrato, o obxecto, o mar, a natureza, a abstracción, a arquitectura e a fantasía. Sete temas abordados desde un percorrido multidisciplinar apoiado en diferentes soportes: pintura, escultura, fotografía, instalación e audiovisual.

Cando a nosa materia prima é un fondo tan extenso e rico, é obrigado renunciar a algúns nomes e a algunhas obras, porque, como sucede con calquera escolma, non é posible amosar nas diferentes exposicións, nin nesta publicación, todas as pezas de indubidable interese que poderían ter cabida nestas lecturas.

Para sacar adiante este proxecto, dunha envergadura inédita, foi necesaria a implicación dun equipo multidisciplinar que, cunha importante presenza de profesionais de Afundación, se encargou de labores de coordinación, comisariado, conservación, xestión, documentación, edición ou deseño, entre moitas tarefas realizadas ao longo destes anos de esixente traballo. Do resultado desta colaboración, de tanta ilusión e de tan diversos talentos nace «Simultánea».

O capítulo «Modo retrato», situado na Sede Afundación da Coruña, permítenos achegarnos á utilización do transcendental xénero do retrato como vehículo para afondar na análise de identidades, vulnerabilidades ou complexidades da alma humana, ademais de ser un fantástico campo de experimentación para as diferentes linguaxes que caracterizan a arte contemporánea. Unha exposición que nos anima a participar das preocupacións, temas e características sociais desde o século XIX, a mergullarnos en territorios privados e a afondar nas dimensións psicolóxica, simbólica e emocional do retrato. Esta riqueza de enfoques conta tamén co seu paralelismo desde o punto de vista formal, con obras que van desde o clasicismo romántico ou o realismo, ata o expresionismo ou a arte conceptual,

expresionismo o el arte conceptual, conformando un gran ejemplo de la creación contemporánea gallega.

Con «El objeto contemporáneo y doméstico», en la Sede Afundación de Ferrol, abordamos los elementos de nuestra cotidianeidad doméstica, el entorno que ha servido habitualmente para visibilizar la vida diaria y la intimidad. No se trata solo de representar un espacio físico, sino de mostrar un conjunto de relaciones, funciones y anhelos que habitan en los hogares y definen a sus habitantes. De ahí que el hogar y los objetos domésticos sean el vehículo utilizado por algunos artistas para transmitir sus experiencias personales. Una visión global que abarca desde planteamientos formales cercanos al impresionismo, el cubismo o el hiperrealismo, hasta llegar a lo conceptual, un ejemplo de la riqueza expresiva de la plástica gallega.

El capítulo dedicado a «Escenas de costa y mar adentro», en la Sede Afundación de Lugo, nos ofrece una mirada diversa y heterogénea por las marinas, rías y puertos, esos espacios liminares de profundo simbolismo en nuestra cultura. Así, el paisaje marino puede mostrar las facetas propias del mundo romántico, bello y sublime, o aproximaciones a lo irreal a través de las profundidades, los naufragios y todo lo oculto que habita en los fondos marinos, despertando nuestra imaginación en el terreno de lo inalcanzable. Una exposición que trasciende los planteamientos meramente estéticos para presentar una mirada multidimensional de un elemento esencial de nuestra historia y cultura.

La mirada hacia la naturaleza llega con «Espacio abierto y naturaleza», en la Sala de Exposiciones Afundación de Ourense, que aborda la presencia de nuestro entorno natural en las artes plásticas, con unas escenas que han cautivado nuestra atención, sacudido nuestras emociones y servido de acicate para la reflexión desde el momento en el que pasaron de ser escenario a protagonistas del arte. Cuando la naturaleza es objeto de admiración y contemplación se convierte en paisaje, y puede ser tanto fidedigno como imaginativo, sublime o temperado, línea o color; puede ser tanto la impresión de la orografía como la expresión de aquello que los artistas sienten frente a la naturaleza. Se trata de un relato plural que transita desde el clasicismo romántico, pasando por el regionalismo, hasta llegar a la abstracción a través de la obra de casi medio centenar de artistas que ilustran la diversa y potente presencia de la naturaleza en la creación artística gallega desde el siglo XIX hasta la actualidad.

conformando un grande exemplo da creación contemporánea galega.

